

Homilía con motivo da Festa de San Rosendo

✠ J. Leonardo Lemos Montanet. Bispo de Ourense

Celanova, 1 de marzo de 2016

Meus benqueridos irmáns sacerdotes

Ilmas. Autoridades

Ilmas. Sr. Presidente e Sres. Académicos da Academia Auriense-Mindoniense

Quixera saudar con especial afecto ao numeroso grupo de nenos e nenas que asisten a esta celebración.

Irmás e irmáns no Señor

Fieis devotos de San Rosendo

No noso camiño cuaresmal e dentro do marco deste *Ano Xubilar da Misericordia* celebramos a festa de San Rosendo neste lugar emblemático e cargado de historia. Hoxe, toda a Igrexa en Galicia volve a súa mirada a este templo que garda como xoia preciosa o relicario daquel que foi un bo cristián, un pai de monxes, un óptimo gobernante e un celoso pastor das igrexas irmás de Mondoñedo e de Iria-Compostela, así como patrón e protector de Celanova e da súa bisbarra.

A liturxia da Palabra deste martes da III Semana de Coresma convídanos a suplicar a misericordia de Deus. Xa o libro de Daniel, que proclamamos en primeiro lugar, ofrécenos o texto dunha oración e nela suplicamos a Deus, Noso Señor, que: *Pola honra do teu nome (...) non apartes de nós a tua misericordia. E máis adiante engade: Agora seguiremosche de todo corazón, respectámosche, e buscamos o teu rostro; non nos defraudes, Señor; trátanos segundo a túa piedade, segundo a túa gran misericordia.*

San Rosendo foi un santo que encarnou na súa vida e no exercicio do seu ministerio a misericordia de Deus. Aprendeu na *escola do divino servizo* a seguir de corazón ao Señor e a buscar o rostro de Deus que para el, o mesmo que para nós,

manifestóuselle na vida e na persoa do noso Señor Xesucristo, *rostro visible do Deus invisible*, e este Cristo revelóuselle en todas aquelas persoas coas que se atopou na súa vida, especialmente nas mais necesitadas. Os santos son un reflexo elo-cuente da tenrura de Deus, por iso é polo que co Salmo 24 da liturxia de hoxe rezamos: *Lembra, Señor, que a túa tenrura e a túa misericordia son eternas; acórdate de min con misericordia, pola túa bondade Señor.*

San Rosendo foi un home adiantado ao seu tempo e non só no que puidesémos denominar aspecto relixioso-monástico, porque foi un fundador e reformador dun estilo novo de vida monástica, senón tamén no ámbito social e político, porque loitou pola procura do desenvolvemento do pobo humilde e sinxelo do ámbito rural onde fundou os seus mosteiros, conseguindo así que o don do Evanxeo de Xesús se espallase en medio do pobo facendo que a paz se convertira en realidade en todos os lugares.

Consta que se empeñou moi en serio por facer que desaparecese a condición servil da xente sinxela que se atopaba como esclavizada pola nobreza da terra e polos señores. E non o fixo só teorizando sobre a realidade como fan moitos dos nosos contemporáneos. Quizais nós mesmos tamén obramos así; cando se trata de *cambiar ou de rectificar pensamos sempre nos outros: que cambien eles!* Dicimos e pensámolo. Pero, o autenticamente cristián é loitar por cambiar nós, como o fixo el, que deixou en liberdade aos seus criados e, non só iso, senón que se preocupou de que non lles faltase o necesario para o desenvolvemento da súa vida e o benestar das súas familias. San Rosendo predicaba co exemplo porque se sentía pecador perdoado, pero pecador necesitado da misericordia de Deus. Neste sentido, que fermosa é esa homilía pronunciada por San Rosendo na inauguración deste mosteiro de Celanova, o 25 de setembro do ano 942. Nela maniféstanos os seus máis íntimos sentimentos: *Agora ti revelácheste como Deus e home que absolves e perdoas os pecados do pobo. Esta graza, que de modo superabundante experimentamos dentro de nós, non é consecuencia dos nosos merecementos, senón da tua misericordia. Ti, que nos reconciliaches contigo perdoándonos os pecados e destruindo na cruz o decreto de condenación que tiñamos contra nós.*

Durante este *Ano da Misericordia*, cuxa porta simbólicamente abrimos neste templo o pasado día 20, a Igrexa pídenos que abramos tamen a nosa vida ao perdón e así nos deixaremos reconciliar co Pai. O Evanxeo que proclamamos nesta solemne liturxia é providencial. Na medida na que cada un de nós déixese perdoar por Deus, de igual modo seremos capaces de perdoar aos demais, comezando polos máis próximos. Dádevos conta, meus queridos irmáns e irmás, que vivimos nunha sociedade na que á xente resúltalle moi difícil perdoarse, mesmo entre irmáns de sangue, entre os máis achegados, quizais por unhas leiras?, que se van a quedar aquí cando morramos —e tarde ou cedo todos morrerémos— ou por uns cachivaches de pouca importancia corremos o risco de pechar a nosa existencia ao


perdón e á misericordia. Pódenos suceder como aquel criado que foi perdoado xenerosamente polo seu señor, e iso que lle debía unha forte cantidade de diñeiro; con todo, aquel perdón non entrou no seu corazón, senón todo o contrario, endureceuno! e tan pronto se atopou con un compañeiro que lle debía unha pequena cantidade, dinos o Evanxeo: *agarrándoo, estrangulábao dicindo: Págame o que me debes.*

Por iso, que actual é a pregunta de Pedro ao Señor: *se o meu irmán oféndeme cantas veces teño que perdoalo? Ata sete veces? Xesús contéstalle: Non che digo ata sete veces, senón ata setenta veces sete.*

O papa Francisco está a lembrarnos estas verdades sinxelas, ao estilo do Evanxeo. Se Deus está sempre disposto a perdoarnos, nós que somos a súa imaxe e semellanza: *sempre debemos perdoar.* Por outra banda, non nos esquezamos de que se nos metemos na dinámica do perdón non só estaremos a vivir con autenticidade o noso compromiso cristián, senón que ata humanamente sairemos gañando porque unha persoa que perdoa é un corazón que se deixa transfigurar ao estilo dos sentimentos de Xesucristo e nel reina a paz, a tenrura e ese é o camiño para ser *misericioso como o Pai.*

San Rosendo superou esa tendencia do ser humano que por inercia ten unha inclinación natural a realizar as tarefas de sempre, aplicándose ese criterio de: *sempre se fixo así!*; facémolo quizais, porque nos compromete menos. Contra esta tendencia prevennos tamén o papa Francisco, porque esta maneira de actuar e de enfrontarnos coa realidade, xa sexa do ambiente cultural como do pastoral, ineludiblemente conclúe cunha cristalización dos corazóns humanos e iso leva a unha deshumanización da persoa humana e da sociedade, como estamos a ver nos días de hoxe. San Rosendo descobre o camiño para seguir e, sen perder a esperanza, lánzase cara a adiante de forma realista, con audacia e entrega, sabendo que como cristián —e o monxe é sobre todo un cristián— estaba chamado a facer vida e testemuñar en primeira persoa a misericordia de Deus. Ninguén pode negar que a época na que lle tocou vivir a Rosendo Gutierrez foi especialmente sombría e dolorosa, non só para a institución eclesial, senón para os homes e mulleres do momento, e, a pesar de todo iso, el non se deixou dominar polo medo, o pesimismo ou as lamentacións, por todo iso que nos paraliza tantas veces na acción espiritual e pastoral, e que nos leva a dicir —e mesmo nolo chegamos a crer—: *isto é imposible! a xente non nos responde!* E como consecuencia xa non facemos nada ou non nos arriscámonos a poñernos en camiño con outro estilo de vida.

San Rosendo o que fixo foi reaccionar tratando de ser fiel á misión que recibira. En lugar de facer unha análise da realidade do momento e instalarse na crítica da xerarquía da Igrexa, daquela sociedade decadente, con moitas miserias morais e materiais —tamén no estamento eclesiástico— deixouse fascinar polo Deus da



misericordia. Fixo o mesmo que os grandes santos de entón e de calquera época da historia, sen preocuparse da idade —nomeárono bispo con so dezaioito anos—, da súa situación social, da súa vinculación coa familia real, encarnouse naquela sociedade decadente, agresiva e violenta, porque se deixou fascinar polo rostro misericordioso da Verdade e, abandonándoo todo, fíxose monxe. Aquela silenciosa determinación foi o punto de ignición que afectaría á evanxelización nas nosas terras. Ninguén, absolutamente ninguén, naquel século décimo foi consciente da trascendencia daquel acontecemento. *Só Deus!* por iso a vida e a obra de San Rosendo segue sorprendéndonos coa súa coherencia e coa entrega de toda a súa persoa ao servizo do home e da muller do seu tempo.

Meus queridos irmáns e irmás: O camiño dos santos —os mellores fillos da Igrexa— é a vía que nos traza de forma silenciosa, pero efectiva, o Deus da misericordia, e este faise a través das mediacións humanas. Para nós, unha desas mediacións foi San Martín de Dumio, evanxelizador dos antigos habitantes do noso pobo; el foi o que introduciu a devoción a San Martín de Tours, baixo cuxo patronazgo atópase a nosa igrexa diocesana que quere celebrar os 1700 anos do nacemento daquel que de pagán e militar, converteuse en monxe e, moi a pesar seu, terminou a súa vida sendo bispo de Tours e evanxelizador das Galias. Esta Igrexa ourensá que debe parte do seu ser á persoa e ao ministerio do Bispo de Dumio, cuxo testemuño evanxelizador foi recollido por San Rosendo séculos máis tarde, esta Igrexa, na que moitos nacestes e outros, por pura Providencia de Deus, vivimos nela e nela desexamos morrer, esta Igrexa está en camiño, atópase inmersa nesta *nova tarefa evanxelizadora*. Como Irmán, Amigo, Bispo e Pastor desexaría que esta chamada á misión calase no máis íntimo do voso ser e vos sentisedes convocados a participar nese proxecto que é o *Sínodo diocesano* que quere ser unha invitación a todos os homes e mulleres que viven a súa fe no Resucitado nestas terras santificadas pola presenza de San Rosendo e de tantas testemuñas do Evanxeo, para poñerse en camiño xuntos co fin de *estudar, reflexionar e establecer os criterios pastorais necesarios neste momento da nosa historia eclesial e así poder responder as necesidades actuais desta Igrexa* e ao que nos pide o Santo Pai, *realizar unha opción misioneira capaz de transformalo todo, para que os costumes, os estilos, os horarios, a linguaxe e toda estrutura eclesial se converta nunha canle adecuada para a evanxelización dos homes e mulleres do noso Pobo*. Estou seguro que a protección de San Rosendo non nos faltará, nin tampouco a vosa axuda e apoio.

Que así sexa.

